

LUÍS TEIRA PARADA, Concelleiro do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno e ante o Alcalde en relación co arranxo e colocación de placa na rúa Alexandre Bóveda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A rúa Alexandre Bóveda, é unha pequena rúa situada en pleno casco urbano que comunica a rúa Xeral Franco coa rúa Canarias. Sen dúbida podería ser unha das rúas do casco urbano que conserven o encanto da Ribeira tradicional.

O estado actual desta rúa deixa moito que desexar xa que, entre outras cuestións, o pavimento está deteriorado.

Asemade o a rúa que leva o nome dunha persoa tan senlleira como foi Alexandre Bóveda merece ter colocada a placa co nome da rúa. Cuestión esta necesaria para a localizar esta rúa por parte da cidadanía e do servizos de Correos.



Estado actual da Rúa Alexandre Bóveda

Ante isto o grupo municipal do BNG de Ribeira

SOLICITA:

- 1º Que o concello de Ribeira que **faça unha intervención integral na rúa Alexandre Bóveda**.
- 2º Que o concello de Ribeira **coloque a placa identificativa da nomeada rúa**.

Ribeira, 15 de Xullo de 2009



Asdo.: Luís Teira Parada
Concelleiro do BNG de Ribeira